

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DO 12º CONGRESO MICROPOL & ECOHAZARD

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 56, do 22 de marzo de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

Primeiro. Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, de 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Considéranse incluídas dentro do seu obxecto o establecemento de convenios ou



acordos de colaboración e cooperación con administracións e entidades públicas para o desenvolvemento das actividades que constitúen o obxecto da entidade pública.

Segundo. A Universidade de Santiago de Compostela (USC) é unha entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de Formación, Investigación e Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico.

Terceiro. Dos días 6 ao 10 de xuño de 2022 terá lugar o 12º Congreso Micropol & Ecohazard, que é concebido como un foro internacional de debate sobre o desenvolvemento científico e as solucións técnicas relativas a emisión, tratamento e efectos dos contaminantes emerxentes.

O Congreso combina temas máis tradicionais, como o tratamento en orixe, o seguimento e o análise, o destino e o comportamento durante o tratamento das augas residuais e os lodos, a avaliación ambiental e de riscos, o seguimento e o control e a, regulación e a aceptación pública; con temas máis innovadores como os mecanismos de biotransformación, o destino de nanopartículas, a resistencia aos antibióticos ou os microplásticos en entornos naturais e artificiais.

Cuarto. Para Augas de Galicia é de moito interese a investigación dos microcontaminantes emerxentes asociados a auga, incluídas as augas residuais, superficiais e subterráneas; xa que a lista de contaminantes emerxentes no ciclo urbano da auga amplíase continuamente con máis sustancias químicas como os microplásticos, os produtos farmacéuticos e de coidado persoal, os compostos perturbadores endócrinos e os pesticidas, entre outros.

A actuación da Administración Hidráulica ten por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o



cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable. E, no ámbito do abastecemento, terá por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación.

Quinto. É de interese común para ámbalas dúas partes actuar de forma coordinada para así poder desenvolver diferentes actuacións e mesmo realizar intercambios de experiencias e coñecementos que, relacionadas coas augas, teñan un propósito formativo e de investigación ou sirvan para incrementar mutuamente os coñecementos dentro da especialidade temática sinalada, coa súa ulterior aplicación práctica e utilización pola sociedade galega a través de Augas de Galicia.

Neste contexto, e dadas as circunstancias concorrentes, enténdese a imposibilidade de promover neste caso a concorrencia pública, acudindo ao réxime excepcional de concesión directa.

En consecuencia, acordan formalizar o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Este convenio ten por finalidade establecer as condicións polas que se rexerá a cooperación entre Augas de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento do 12º Congreso Micropol & Ecohazard, que será organizado e xestionado pola USC.



SEGUNDA. OBRIGAS DAS PARTES

Para o cumprimento do obxecto deste convenio:

A. Universidade de Santiago de Compostela obrígase a:

1. Incluír nos documentos de presentación, difusión e conclusión do Congreso, a referencia clara e inequívoca da participación de Augas de Galicia.
2. Difundir a celebración do Congreso e as súas conclusións á sociedade galega, a través dos medios de difusión.
3. Poñer a disposición de Augas de Galicia dúas inscricións gratuítas ao Congreso.
4. Realizar ante Augas de Galicia a correspondente rendición da conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da axuda achegada por Augas de Galicia antes do 20 de xullo de 2022.
5. Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente convenio.
6. Comunicar a Augas de Galicia, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
7. Reintegrar á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devindicados dende o momento do seu pagamento, para o caso de



incumprimento das condicións nel establecidas.

8. Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.

B. Augas de Galicia obrígase a:

1. Participar no financiamento do Congreso mediante a entrega dunha subvención a Universidade de Santiago de Compostela, entregando o importe que se concreta na cláusula seguinte.

A Universidade de Santiago de Compostela organizará e xestionará o Congreso, e as relacións que para elo manteña con outras persoas físicas ou xurídicas son alleas a Augas de Galicia, non asumindo a entidade pública ningunha obriga respecto delas. Así mesmo, non se lle pode esixir a Augas de Galicia responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

TERCEIRA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO

Augas de Galicia achegará unha cantidade de 5.000,00 € como contribución ao financiamento dos custos do Congreso, con cargo á conta 6514 "Subvencións correntes a empresas públicas e outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

CUARTA. RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS POR PARTE DO BENEFICIARIO.

Unha vez celebrado o Congreso, a Universidade de Santiago de Compostela deberá xustificar o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos



obxectivos previstos na forma establecida nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007. A referida xustificación consistirá na certificación das actividades realizadas, a difusión nos medios, a difusión nas actas do congreso e páxina web, acreditando o cumprimento da finalidade para a que foi outorgada.

A xustificación será presentada antes do 20 de xullo de 2022, e deberá incluír a descrición exacta das actividades realizadas, o seu custe e o detalle de cada un dos gastos incorridos. Aportaranse copias compulsadas das facturas deixando constancia en todo caso que o gasto xustificado foi efectivamente pagado por esas actividades.

Asemade, por tratarse dunha actividade financiada ademais de coa subvención con fondos propios, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O incumprimento desta xustificación, ou a súa insuficiencia, implicará o reintegro desta axuda, nos termos fixados no artigo 33 da Lei 9/2007.

En canto ao prazo e modo de pagamento da subvención, a achega de Augas de Galicia materializarase mediante a transferencia dos fondos precisos ao número de conta que indique a USC, unha vez presentada a xustificación correspondente.

Augas de Galicia limitará a súa achega económica ao pactado no presente convenio, polo que non asumirá os aumentos que se puideran producir, circunscribíndose a súa contribución económica aos límites pactados.

A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. Neses termos, serán compatibles con calquera outras axudas públicas ou privadas pero, en ningún caso, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos na normativa da Unión Europea.



QUINTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de cada unha das partes para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

SEXTA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo. A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contencioso-administrativa.



SÉTIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efecto dende o día seguinte ao da súa sinatura, e estenderá a súa vixencia ata o 30.9.2022.

NOVENA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre Augas de Galicia e a USC e tramitarase a través dunha addenda ao convenio.

DÉCIMA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actividades descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- o incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante. A extinción do convenio por esta causa, tras o procedemento contradictorio regulado no artigo 51.2 c) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, levará consigo o pago dunha indemnización á outra parte do acordo polos prexuízos causados derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento, que se determinarán pola Comisión de Seguimento, atendendo ao estado das actuacións



no momento do incumprimento.

UNDÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DUODÉCIMA. PUBLICIDADE

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes electronicamente este documento.

A presidenta de Augas de Galicia, Ethel María Vázquez Mourelle

O Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Antonio López Díaz

